

O Concello de Arteixo publica a convocatoria e bases para o “17º Concurso de Escaparates de Nadal 2021”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 28 de outubro de 2021.

### BASES

1. O Concello de Arteixo, a través súa Concellaría de Promoción Económica convoca o “17º Concurso de Escaparates do Nadal 2021”.
2. Poderán participar neste concurso todos os comercios, servizos e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e teñan escaparate decorado con motivos do nadal como mínimo durante un período comprendido entre o 10 de decembro de 2021 e o 7 de xaneiro de 2022.
3. Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado a tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico á dirección [emprego@arteixo.org](mailto:emprego@arteixo.org).
4. O prazo de inscricións comezará ás 9:00 horas do día 29-11-2021 e rematará as 14:00 do día 10-12-2021.
5. As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día 14-12-2021 e sucesivos se fora necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.
6. O xurado estará composto por:
  - Dous representantes do mundo comercial e artístico especializado/a en técnicas de escaparatismo e merchandising.
  - Técnico/a do Departamento de Promoción e Desenvolvemento do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretaria do xurado.
7. Establécense catro categorías de premios dotados coas seguintes contías:
  - Primeiro premio: 1.100,00 euros (mil cen euros)
  - Segundo premio: 800,00 euros (oitocentos euros)
  - Terceiro premio: 500,00 euros (cincocentos euros).
  - Accesit a orixinalidade: 450,00 euros (catrocentos cincuenta euros).

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13

da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

8. O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.
9. A adxudicación dos premios farase en función do puntos que se outorguen segundo os seguintes criterios:
  - A imaxe comercial e presentación do produto: ata 4 puntos
  - A creatividade da decoración: ata 4 puntos
  - A iluminación do establecemento: ata 4 puntos
  - A composición e adecuada distribución espacial: ata 4 puntos.

A excepción do premio “Accésit a orixinalidade” onde só se terá en conta este criterio.

10. O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer o día 21-12-2021.
11. O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas base

## SOLICITUDE DE INSCRICION NO 17º CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2021

### DATOS DA EMPRESA:

Razón Social:

CIF/NIF:

Nome Comercial:

Actividade:

Enderezo:

Email:

Teléfono:

Fax:

### SO EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

Nome e Apelidos:

DNI/NIE:

En calidade de:

Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as bases do concurso, e que no caso de ser premiado autorizo ao Concello de Arteixo a comprobar o cumprimento de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Data.....

Sinatura do titular ou representante legal

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.